

Seguindo un pouco a estela de dramaturgos notables coma David Mamet (velaí *Verdadero y falso*, editado por Alba, en 2011), Raúl Dans (A Coruña, 1964), tamén quixo no seu día ofrecer unha sorte de compendio da súa tentativa poética, nun volume feito de retallos e traballos diversos, con finalidades varias, pero coa ineludible urxencia de explicar, xustificar, cuestionar ou debater aspectos centrais na creación dramática. *Confesións dun practicante*, editada en 2004, leva o expresivo subtítulo de "As aventuras dun dramaturgo en Galicia", e contén moitas claves para desentrañar a súa obra e considerar liñas e teimas nos planos temático e formal. Tamén para entender o que implica escribir textos dramáticos nunha terra gris onde o teatro xa constitúe un artefacto cultural en perigo de extinción, pero onde é necesario como lugar no que escoitar algunhas agres verdades sobre nós mesmos.

Mamet pertence a unha tradición dramática moi marcada polo realismo psicolóxico cunha orientación crítica, pois foi nese paradigma no que escribiron os seus mellores textos dramaturgos coma Eugene O'Neill, Arthur Miller, Tennessee Williams ou Sam Shepard, pezas cheas de seres marcados pola derrota, pola perda, pola ausencia. Pero na obra de Mamet tamén se deixa sentir a influencia da narración cinematográfica, que nos Estados Unidos de América está tan abeirada a un realismo que pode coller moitas direccións, entre elas esa crítica permanente a un soño americano inalcanzable para a maioría. Aquí, nesta nova peza de Dans, tamén se fala de soños, só que o soño galego xamais foi de esperanza senón de derrota, marcada por uns camiños da vida que só agochan tebras das que con cabe fuxir, como lembra Xerardo Couto na presentación.

Dans recolleu en 2008 boa parte da súa dramática breve nun volume titulado, precisamente, *Nun mundo hostil*, onde presenta textos diversos, escritos en rexistros diferentes, con liñas argumentais dispares, pero informados coa mesma mirada crítica, con ese profundo desacougo existencial que arreír a o sangue dos derrotados. Tal vez Raúl Dans teña unha conciencia certa, coma tantas outras persoas, de habitar un país onde para as xentes do común, para os galegos e galegas de a pé, só é posible ese desacougo que adormece as consciencias, sabedoras de que a derrota nos acompaña desde sempre e para sempre. Xustamente un



Poética do desacougo e da derrota

A Galicia gris de Raúl Dans

MF VIETES

dos seus textos máis interesantes, co que gaña o prestixioso Premio Born, titúlase *Derrota*.

Como se sinala na capa deste novo volume que contén a peza titulada *Chegamos despois* a unha terra gris, estamos ante un retrato desapiadado e esfañado de todos e todas nós, construído con

esa sólida carpintería do mellor realismo e facendo da palabra xusta e precisa, e do diálogo fluído pero aberto a todo tipo de elipses, as ferramentas básicas no tratamento dunha materia dramática que nos sitúa ante os inúmeros camiños que levan á soedade máis absoluta. Unha terra gris que mos-

tra todas esas zonas escuras que habitamos e polas que transitamos un día si e ao outro tamén, pois coma sinala Luísa case rematando a peza, "hai cousas que un non pode controlar", porque, insiste, "nin sequera é posible ser quen queres ser".

As palabras case últimas de Luísa, dan conta

dese soño imposible que nin paga a pena soñar pois, mesmo soñando, os mundos oníricos se tornan grises, escuros, agres. Dan conta tamén do afundimento de toda esperanza, mentres por todas partes agroman eses lamentos longos e atormentados que emerxen do máis profundo das tebras e que

día a día tinxen esta terra gris da máis mesta negrume. Realismo acedo, e crítico. Historias persoais que dan conta dunha enorme derrota colectiva, e do absurda que se pode tornar a existencia. *DANS, Raúl, Chegamos despois a unha terra gris, Vigo, Ed. Xerais, 2011, 12,50 €.*

A figura central deste retablo da derrota é Helena, unha muller que padece un cancro que a come por dentro e por fóra, ás presas, e que lle fai lembrar unha vida chea de penalidades e renuncias, de silencios e mentiras. Unha vida ben semellante á que viviu súa nai e á que sofre a súa filla, poderoso triángulo feminino que tamén dá conta das relacións non sem-

pre doadas entre persoas que curiosamente padecen os mesmos padecementos, e que refiren unhas relacións de familia

me e pola familia, sacrifica a súa carreira pola carreira dos demais, tal e como o fixo súa nai, e tal e como o está a facer a súa fi-

lo ou sen se poder rebelar, a súa dependencia e submisión. Ao remate, da vida, só lles queda unha presa de area que voa co vento.

Polo medio hai outras derrotas, outros personaxes igualmente feridos, algunhas situacións dunha violencia extre-

ma. Como acontece todos os días a todas as horas neste terra ferida. Non hai futuro, certamente, non o hai para os máis.

Sen esperanza, sen futuro

cheas de paradoxos e patoloxías.

Coma tantas outras mulleres, Helena abandona todo polo ho-

lla, que se inicia na maternidade coa mesma indefensión e inseguridade de tantas e tantas mulleres, que afirman así, sen quere-